

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DE DÚAS (2) PRAZAS DE ADMINISTRATIVA/O, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA E A SÚA FUNCIONARIZACIÓN, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, APROBADO POLO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO

Sendo as 09:30 horas do día 7 de novembro do 2023, reúnen-se as persoas que de seguido se relacionan para a confección e realización do segundo exercicio para a selección de dúas (2) prazas de administrativa/o, polo sistema de promoción interna e a súa funcionarización.

Presidencia

- Suplente: María Elena Sueiro Fernández (secretaria adxunta do Concello de Teo)
- Vogal
 - Titular: María Fernanda Montero Parapar (secretaria do Concello de Catoira)
 - Titular: Diego Rodríguez Porto (técnico de xestión económica e Tesouraría do Concello de Teo)
- Secretaría
 - Titular: Luis Enrique Papiri Villanueva (administrativo do Concello de Teo)

De acordo ca base oitava, das que rexen a convocatoria (BOP da provincia de A Coruña nº 69 de data 12 de abril de 2023):

(...)

A celebración dos distintos exercicios da fase de oposición deberán respectar un prazo mínimo de corenta oito (48) horas, en tanto que as distintas probas dun mesmo exercicio poderán ter lugar nunha mesma xornada, se así o considerase o tribunal.

(...)

Se o tribunal, de oficio, ou con base nas reclamacións que as persoas aspirantes poden presentar nos dous (2) días hábiles seguintes á realización dun exercicio, anula algunha ou algunhas das súas preguntas, publicarao no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello e no lugar onde se realicen as probas.

As puntuacións obtidas polas persoas aspirantes publicaranse nos lugares citados no parágrafo anterior. Concederase un prazo de cinco (5) días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde a publicación das notas dos exercicios da fase de oposición.

(...)

Segundo o previsto na base novena das que rexen a convocatoria a fase de oposición se compondrá de tres exercicios, describíndose o segundo deles como segue:

2) SEGUNDO EXERCICIO (máximo 30 puntos)

Consistirá na resolución dun (1) suposto práctico, a elixir entre dúas (2) propostas do órgano de selección, relativo aos contidos das materias comprendidas na parte específica do temario que consta no Anexo II desta Resolución, e para o que as persoas aspirantes disporán dun tempo máximo de sesenta (60) minutos.

Durante o desenvolvemento desta proba os/as aspirantes poderán, en todo momento, facer uso de textos legais sen resolución de casos prácticos. En relación con estes, admitiranse as súas versións consolidadas, aquelas nas que figuren notas de vivencia e/ou referencias cruzadas a outras normas e os subliñados simples, sempre que non inclúan ningunha outra información, comentario doutrinal ou referencia xurisprudencial; estando expresamente prohibida a utilización de libros de consulta, temarios, informes ou ditames de calquera tipo.

Así mesmo, durante a realización deste exercicio non estará permitido o uso de teléfonos móbiles polos/as aspirantes.

O exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de quince (15) puntos.

Tal e como reflicten as referidas bases o tribunal propón ás aspirantes dous supostos prácticos que se incorporan como anexo a esta acta, comezando á realización do exercicio ás 10:05 horas.

Rematado o tempo de realización do exercicio ás 11:05 horas, procédese á súa corrección e detéctase unha incidencia que consiste en que para poder contestar correctamente á primeira pregunta do suposto 1 é imprescindible a aplicación do RD 364/1995, do 10 de marzo, polo que aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo de la administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo y promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e que esta norma non estaba contemplada no temario do proceso selectivo.

Considerando que, segundo a base novena das que regulan o proceso selectivo, para superar o segundo exercicio da fase de oposición será preciso acadar un mínimo de 15 puntos, polo que, superarán este segundo exercicio da fase de oposición as aspirantes que teñan unha puntuación igual ou superior.

Á vista do exposto e de acordo co previsto nas bases oitava, novena e décima das que rexen a convocatoria, e vistos os méritos presentados polas aspirantes, o tribunal **acorda**:

Primeiro.- Anular a primeira pregunta do suposto 1 por ser preciso a utilización dunha lexislación que non estaba contemplada no temario do proceso selectivo.

Segundo.- Facer pública a puntuación acadada polas persoas aspirantes no segundo exercicio na seguinte táboa:

DATOS			PUNTUACIÓN 2º exercicio
Apelidos	Nome	DNI / NIE	
ARIAS DÍAZ	ANA MARÍA	***7522**	30
BOUZAS PIÑEIRO	MARÍA JESÚS	***0678**	30

Terceiro.- Que se publique a puntuación obtida polas persoas aspirantes no segundo exercicio da fase de oposición na Casa Consistorial, lugar no que se realizou o exercicio, na páxina web municipal (www.teo.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndose un prazo de cinco (5) días hábiles para os efectos de alegacións, prazo que se contará dende a derradeira publicación nos lugares indicados.

Cuarta.- Tendo en conta que as persoas aspirantes están exentas da realización do terceiro exercicio por ter acreditado o seu nivel de coñecemento da lingua galega, segundo se dispón no apartado c) da base cuarta das que rexen o proceso selectivo, publicar a puntuación final total das persoas candidatas que teñan superado o proceso selectivo, por orde de puntuación, na Casa Consistorial, lugar no que se realizou o exercicio, na páxina web municipal (www.teo.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello tal e como se reflicte a continuación:

DATOS			PUNTUACIÓN concurso	PUNTUACIÓN oposición	PUNTUACIÓN TOTAL proceso selectivo
Apelidos	Nome	DNI / NIE			
ARIAS DÍAZ	ANA MARÍA	***7522**	39	56,375	95,375
BOUZAS PIÑEIRO	MARÍA JESÚS	***0678**	39,5	53,875	93.375

Quinto.- Segundo o previsto na base décima das que rexen o proceso selectivo, elevar á Alcaldía a relación das persoas candidatas que superaron o proceso selectivo para o seu nomeamento como administrativas funcionarias de carreira, que se corresponden con:

- Ana María Arias Díaz, DNI ***7522**
- María Jesús Bouzas Piñeiro, DNI ***0678**

Sendo as 12:00 horas do día indicado, dáse por rematado o acto, estendéndose a presente acta, que asinan todos os membros do tribunal, do que dou fe.

Presidenta	Vogal
María Elena Sueiro Fernández	María Fernanda Montero Parapar
Vogal	Secretario
Diego Rodríguez Porto	Luis Enrique Papiro Villanueva

ANEXO

SUPUESTO 1

D.^a Carmen García Suárez es funcionaria en el Concello de Costa desde el 1 de marzo de 2004 como auxiliar administrativa con un nivel 16. El 10 de enero de 2022 toma posesión como administrativa en el Concello, plaza que tiene asignado un complemento de destino nivel 20.

Teniendo en cuenta que según el art. 70 del RD 364/1995, de 10 de marzo, cuando una funcionaria obtenga un puesto de trabajo superior en más de dos niveles al correspondiente a su grado personal, consolidará cada dos años de servicios continuados, el grado superior en dos niveles al que poseyesen, sin que en ningún caso puedan superar el correspondiente al del puesto desempeñado.

D.^a Carmen presenta en registro general del Concello una solicitud para que se le reconozca el grado 20 y, cuando procedía a abandonar las dependencias del registro municipal, advierte que varios escalones de la escalera de acceso se encuentran sueltos con el consiguiente riesgo de caída que ello supone.

1. ¿En qué fecha consolida Carmen García Suárez el nivel 20?
2. ¿Según lo previsto en el R.D. Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, de cuántos días de vacaciones dispondrá Carmen en el año 2023?
3. ¿Y de cuántos dispondrá en 2023 de asuntos particulares?
4. ¿Está bien presentada la solicitud de reconocimiento de grado? Razone su respuesta.
5. ¿Qué debería hacer la funcionaria ante la situación de riesgo que advierte al intentar abandonar las dependencias del registro municipal?

SUPUESTO 2

D. José Manuel García Pérez, mayor de edad, ha decidido comprar e instalar unos paneles solares en su vivienda.

D. Miguel García Iglesias, mayor de edad, nombrado por su hijo D. José Manuel García Pérez como representante, presenta solicitud, ante el Ayuntamiento de Fogoso, de una ayuda económica de 2.000,00 €, para compradores de paneles solares, como recoge la convocatoria correspondiente aprobada por el ayuntamiento.

La solicitud se formula por escrito, con fecha 4 de marzo de 2023, presentándola el día 10 de marzo de 2023, en el registro general del ayuntamiento.

1. ¿Quién tiene la condición de interesado en el procedimiento administrativo de concesión de la ayuda económica para la compra de los paneles solares y por qué razón?
2. ¿Puede D. Miguel actuar como representante en el procedimiento de concesión de esa ayuda?
3. El ayuntamiento ¿con quién deberá realizar las actuaciones administrativas?
4. Al llegar al registro municipal el funcionario que le atiende le indica a D. Miguel que no puede presentar la solicitud por escrito y que debe presentarla obligatoriamente por medios electrónicos. ¿Es correcto esto?
5. ¿Para formular la solicitud de la ayuda económica de don José Manuel, será necesario que D. Miguel acredite la representación o se deberá presumir que la ostenta sin más?, y suponiendo que fuese necesaria la representación y que, una vez aportada al procedimiento por D. Miguel, el ayuntamiento la comunicase que resultaba ser insuficiente, ¿la solicitud de la ayuda económica se tendría por realizada o no? ¿por qué?